

SOCIAL IMPACT INVESTMENT

O **Social Impact Investment** é un novo programa baseado na captación de capital privado para reforzar o investimento público na traslación dos resultados de investigación máis prometedores xerados polo Sistema Galego de Saúde.

Este innovador modelo impulsado por ACIS, **pioneiro na administración pública española**, ten como obxectivo maximizar os recursos a disposición da comunidade investigadora para transferir os seus resultados ao mercado e ao paciente.

A través dunha campaña de **atracción de investidores externos**, alimentarase un fondo único xestionado por ACIS para impulsar os proxectos con máis potencial de comercialización e de implantación na carteira de servizos do Sergas.

Os investidores, ademais de obter as correspondentes desgravacións fiscais, poderán beneficiarse dunha serie de iniciativas ligadas ao desenvolvemento dos proxectos de I+D. Estas van desde o **acompañamento estratéxico** dos proxectos ata **opcións preferentes na comercialización** dos produtos ou servizos resultantes.